

GUÍA DIDÁCTICA DE FUNGOS E COGUMELOS DE GALICIA

Charo Gómez.

Alberte Franco

BAHIA EDICIÓN. A CORUÑA

Calquera que estexa interesado na **Micoloxía**, atopará esta guía mui útil para aprender a coñecer e respeitar o **Reino Fungi**.

Peró especialmente os profesores de ciencias atoparán nela unha ferramenta moi valiosa para achegar o mundo dos Fungos aos seus alumnos situándo-os no lugar que lles corresponde polo seu importantísimo papel: *ser os recicladores da materia orgánica*.

A guía está dividida en tres partes.

Na primeira fala-se das distintas clases de fungos: Os que forman cogumelos e os que non; e da relación destes co seu hábitat.

Esta parte contén ademais cuestionários para resolver, prácticas sinxelas de realizar e leituras relativas aos científicos que realizaron descubrimentos cos fungos: *Pasteur, Fleming etc...*

E para axudar ao lector á identificación dos distintos

cogumelos inclúe unhas claves de clasificación moi sinxelas de seguir.

Na segunda parte intitulada «O home e os cogumelos», dá unha detallada descripción das especies comestíbeis e non comestíbeis máis abundosas e coñecidas.

Non contentos con isto, ademais ofrecen-nos receitas, modos de cultivá-las, conservá-las, as súas aplicacións industriais, etc...

A aportación máis novidosa desta guía constitúen-na as 40 diapositivas que a acompañan e que na terceira parte do texto están descritas con todo luxo de detalles.

Por último animan aos profesores a realizar unha **Exposición didáctica de Cogumelos** no centro escolar, aproveitando que o ciclo vital dos cogumelos coincide co principio de curso, como unha experiencia mui positiva para o achegamento entre profesor-alumnos e de todos eles coa natureza, criando un clima mui propicio na aula xa desde o principio de curso.

O LOBO, A EXTINCIÓN DE ESPECIES E OUTROS ENSAIOS SOBRE CONSERVACION

Carlos Vales

EDICIÓN LAIOVENTO, SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1993.

Para os ecoloxistas son imprescindibles os estudos rigurosos que nos armen de argumentos precisos para

unha mellor e efectiva defensa da causa/(-s); por iso saudamos gustosos as novas aportacións que desde o noso campo nos poidan chegar e apreciamos especialmente os traballos e conclusións que son resultado dunha dilatada entrega militante ó servicio da ecoloxía, porque teñen o garante, cando menos, de non andar pescudando utopías inalcanzables e si de camiñar estreitamente vinculados ás realidades posibles. Nesta nova publicación danse, en estricte senso, estas condicións.

Os catro temas tratados son, infelizmente, dunha vixencia total; sen resolver ou mal resoltos, a súa sombra ameazadora segue pláneando sobre a nosa realidade máis próxima:

A conservación dos bosques antigos galegos versus Plan Forestal.

O lobo, cos recentes ataques de Sober, encendeu de novo a chispa nos ollos dos cazadores. A administración, mentres, aínda está informándose sobre as indemnizacións.

Os encoros hidroeléctricos e o seu impacto, cando a prensa acaba de publicar, en cativa nota, unha información

de Unión Fenosa na que se di que en Galiza producimos a cuarta parte da enerxía hidroeléctrica do Estado; e sabemos que nola levan para alumiar outras eiras.

A extinción de especies, e a Conferencia de Río, coas voces que clamaron, no deserto do foro internacional, por manter a biodiversidade.

Nesta obra fica ben patente, mediante seguimentos, estudos e exemplos, a patética situación que padecemos. Ao tempo fan-se propostas para mudar a actual dinámica de falsos desenrols adubados co culto ao progreso, que, como moito, supón o pan de hoxe e nos asegura as fames para mañá. Se facemos caso ó chamamento a urxente toma de posición para a conservación, terase conseguido o obxectivo fundamental que o autor pretende coa publicación desta obra.

En resume, unha obra necesaria; e non só polas interesantes aportacións teóricas senón tamén por ser badalada nas conciencias e fonte de esperanza nun futuro aínda posible.


QUIMICA AMBIENTAL

El impacto ambiental de los residuos

Xavier Doménech

EDICIONES MIRAGUANO MADRID, 1993

A primeira parte do libro trata da química de procesos naturais e a súa alteración pola presenza de residuos, con capítulos adicados ó solo, ó medio hídrico e á atmósfe-





ra. Para cada medio descríbense con detalle a orixe, o comportamento e o impacto dos principais contaminantes, así como as tecnoloxías utilizables para minimizar o efecto ou recuperar o medio contaminado.

A segunda parte da obra consta de tres capítulos adicados á xestión de residuos. O primeiro, referente ó aproveitamento, propón a reciclaxe e a transformación de residuos sólidos urbanos, describindo técnicas sinxelas de separación e reutilización dos seus compoñentes (plásticos, metais, vidros, biomasa,...) No capítulo adicado á xestión de residuos «non aproveitables» aborda a problemática da eliminación de restos radiactivos e hospitalarios. Finalmen-

te, o autor propón a minimización de residuos mediante a adopción de tecnoloxías limpas na industria.


Pode aportar informacións útiles para as persoas interesadas na problemática ambiental. Os procesos químicos naturais son abordados con certo detalle, pero asequibles se se teñen uns coñecementos básicos de química.

ROTAS POLA SERRA DO BARBANZA **Natureza, arqueoloxía e sociedade**

Xulio Gutiérrez Roger e outros.

EDICIÓN XERAIS. VIGO, 1993

Tres Módulos e un Anexo conforman este libro especialmente dirixido a grupos organizados pero igualmente útil para calquera persoa que queira visitar a Serra: pródigo en actividades diversas, ofrece as claves para achegarse a ela desde unha perspectiva de interacción natureza-ser humano. É, pois, como sina-



lan os propios autores, particularmente axeitado para a Educación Ambiental.

O segundo dos Módulos, Rotas Didácticas, describe e comenta itinerarios. E para cada unha das paradas propón un ramallo de actividades de observación, análise, investigación, manipulación,...O Anexo, separado do libro para facilitar a súa reprodución pero facilmente integrable nel, contén máis de vinte fichas (de observación de animais, de descrición de construcións, de avaliación da visita...) e un mapa da zona.

O Módulo 1 recolle aspectos xerais da Serra: xeoloxía, clima, ecoloxía, impacto humano, poboamento, mega-

litismo,... Cada apartado consta dunha información clara e sucinta a que seguen actividades.

E por se non foran suficientes as que se inclúen nos dous primeiros Módulos, no terceiro, Suxerencias para o profesorado, aínda se engaden outras; ó tempo que se se indica que «é responsabilidade do profesor seleccionar as máis axeitadas ós seus alumnos»: sen dúbida, hai onde escoller, mesmo para visitas a calquera outro espazo, pois moitas das actividades son de flexible utilización. Este é un dos méritos do libro: a súa validez metodolóxica para variadas situacións ambientais. E neste senso hai que referirse ó alto interese didáctico do terceiro Módulo.

Estamos, pois, perante un libro útil para o profesorado e para os monitores de Educación Ambiental, e xa indispensable para unha visita significativa ó Barbanza, especialmente se esta se realiza en grupo organizado. Un libro, polo demais, que compensa a modestia da súa presentación (dúas tintas) cunha enmaquetación coidada e rigorosa ata resultar manexable e atractivo.